

GUÍA DO CURSO

Ferramentas para a colaboración e interacción na aula virtual



ÍNDICE

1. Descrición do curso
2. Obxectivos
3. Persoas titoras
4. Competencias profesionais do profesorado
5. Contidos
6. Seguimento e desenvolvemento do curso
7. Comunicación coas persoas titoras e outros participantes
8. Avaliación

1. Descrición do curso

Neste curso detállanse as diversas estratexias dispoñibles na aula virtual para desenvolver a interacción entre iguais, docente-alumnado e docente-familias. Partindo da análise do rol do docente como facilitador e acompañante na aprendizaxe e a construción conxunta de coñecemento na aula virtual.



2. Obxectivos

1. Integrar nas aulas virtuais ferramentas para comunicación e o traballo en grupos colaborativos.
2. Diseñar tarefas grupais coas ferramentas da aula virtual.
3. Asignar tarefas a grupos de alumnado.

3. Persoas titoras

Esta actividade esta coordinada por Manuel Barros, asesor de formación no Centro de formación e recursos de Pontevedra.

Manuel Barros

mabarros@edu.xunta.gal

986872888

E as persoas titoras van ser:

Emiliano Fernández

emiliano.fernandez@edu.xunta.es

Verónica Paz

veronicapaz@edu.xunta.es

Diego Carro

diegolozano@edu.xunta.gal

Estas persoas titoras acompañarán ao profesorado participante en cada un dos diferentes módulos que titorizan; encargándose das experiencias de aprendizaxe global e dos aspectos técnicos específicos da aula virtual, así coma de resolver todas as inquiredanzas que vaian xurdindo nos diferentes módulos mediante os correspondentes *Foro de dúbidas*.





4. Competencias profesionais do profesorado

Segundo o modelo de competencias profesionais docentes da Rede de Formación da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través deste curso o profesorado fórmase prioritariamente nas seguintes competencias e subcompetencias:

- Competente en TIC - Ferramentas institucionais.
- Educador/a guía no proceso de aprendizaxe e desenvolvemento do alumnado - Xestión dos espazos, recursos e materiais de aprendizaxe.

5. Contidos

Os contidos que se van a abordar neste curso son os seguintes:

1. A colaboración e o rol docente na aula virtual.
2. Creación de grupos, restrición de tarefas e contidos.
3. Glosario e base de datos.
4. Ferramentas de comunicación síncrona e asíncrona.
5. Preguntas frecuentes e notas.

Estes contidos vanse a organizar nos seguintes módulos:

- [Presentación do curso](#)
- [Grupos e comunicación básica.](#)
- [Ferramentas para o traballo en equipo.](#)
- [Recursos para construír coñecemento.](#)

Todos os módulos teñen a seguinte estrutura:

Espazo no que se situarán o *Foro de presentación* e os *Foros de dúbidas* para expresar e compartir as túas dúbidas ou inquiredanzas. No caso de que sexa necesario realizar algunha videoconferencia, tamén será o lugar onde poderás acceder as ligazóns.



Comunicación





Neste apartado atoparás toda a información relativa a cada módulo: titoriais, documentos, ligazóns, etc. É dicir, os contidos necesarios para poder completar as tarefas propostas. Para aquelas persoas que desexen ampliar os seus coñecementos estará dispoñible o cartafol *Para afondar máis...* con información adicional.

Información

Sección na que aparecerán as *Tarefas obrigatorias* a realizar en cada módulo, imprescindibles para que a persoa titora teña constancia da túa evolución. Tamén poderás atopar algunha *Tarefa voluntaria* como retos para aqueles participantes que desexen avanzar nas súas prácticas. **Para poder certificar** a actividade, deberán **entregarse as tarefas obrigatorias** propostas **en prazo**, e **cumprindo cos criterios establecidos**.

Acción

6. Seguimento e desenvolvemento do curso

O seguimento e desenvolvemento do curso por parte do profesorado participante implica o seguinte:

- Lectura da guía do curso.
- Presentación persoal no Foro de presentación de Información participantes.
- Consulta dos materiais dispoñibles nos apartados
- Realización das tarefas propostas nas Acción seccións
- A asistencia ás videoconferencias que se poidan realizar durante o curso é totalmente voluntaria e non será valorada de cara á avaliación final do curso. Estes puntos de encontro son considerados como ferramentas adicionais para aclarar ou resolver posibles situacións que poidan xurdir durante a actividade de formación.
- No seguinte cadro atoparedes a temporalización de cada un dos módulos:





CONTIDOS	DURACIÓN	TEMPORALIZACIÓN
Presentación do curso.	0 horas	Inicio: 01/03/21 Fin: 02/03/21 Data límite entrega tarefas: 02/03/21 ás 23:59
Grupos e comunicación básica.	5 horas	Inicio: 01/03/21 Fin: 08/03/21 Data límite entrega tarefas: 07/03/21 ás 23:59
Ferramentas para o traballo en equipo.	5 horas	Inicio: 08/03/21 Fin: 15/03/21 Data límite entrega tarefas: 14/03/21 ás 23:59
Recursos para construír coñecemento.	5 horas	Inicio: 15/03/21 Fin: 22/03/21 Data límite entrega tarefas: 21/03/21 ás 23:59

De cara a unha mellor organización á hora de realizar este curso, indicar que unha vez pechado cada módulo, os contidos quedan dispoñibles para a súa consulta, pero a entrega de tarefas non será posible fóra do prazo establecido.

7. Comunicación coas persoas titoras e outros participantes

A primeira canle de comunicación tanto co profesorado participante no curso coma coas persoas titora e asesora do curso é o *Foro de presentación de participantes*.

Durante o desenvolvemento do curso dispoñeres de dúas opcións de comunicación coa persoa titora:

→ A través dos foros existentes en módulo. A comunicación que se realiza nos foros é pública, é dicir, calquera participante no curso poderá ler as túas intervencións no foro. Constituindo así unha valiosa ferramenta de aprendizaxe colaborativo entre iguais.





→A través do sistema de mensaxería interna da plataforma. As mensaxes enviadas por este medio son privadas entre ti e o teu comunicante, xa sexa a persoa titora ou calquera outro participante. Para rematar este apartado, subliñar que o *Foro de novas, avisos e anuncios* será empregado polas persoas relatoras ou asesora para comunicarvos avisos importantes, cambios de data ou imprevistos que poidan ir xurdindo.

8. Avaliación

En cada módulo haberá unha ou varias tarefas que deberán realizarse nos prazos previstos. Os criterios de valoración de cada unha delas están indicados nas propias instrucións. No caso de obter un resultado desfavorable, poderán repetirse as tarefas seguindo as indicacións da persoa titora. Para acadar unha avaliación positiva e polo tanto certificar a actividade, deberanse entregar as tarefas obrigatorias propostas **en prazo**.

Para poder certificar a actividade, deberá entregar as tarefas obrigatorias propostas en prazo, e cumprindo cos criterios establecidos. Poderá consultar toda esta información na guía do curso

